

Bispado de Tui-Vigo

BOLETÍN OFICIAL

Ano 162-Número 2.791 xullo-agosto2020/7-8

Edita: Bispado de Tui-Vigo.
Dirige: Manuel Lage Lorenzo.
Administra: Vicaría Económica.
Dirección: Doctor Corbal 90. 36207 Vigo.
Teléfono: 986 375 153
E-mail: bispado@diocesetuivigo.org
D.L. VG. 46

Contidos

IGREXA DIOCESANA	5
BISPO	6
• Palabras do noso Bispo.	7
Chamados a vivir a caridade	7
Llamados a vivir la caridad (castellano)	10
• Axenda Episcopal de xullo	13
• Axenda Episcopal de agosto	15
CANCILLERÍA SECRETARÍA	16
• Nomeamentos	17
• Defuncións	18
VIGAIRIA DE PASTORAL	21
• Nota do 20 de xullo de 2020 (Orientacións sobre algúns aspectos pastorais)	22
VIDA DIOCESANA	26
• Constitución do XIII Consello de Presbiterio	27
• Carta de agradecemento de Cáritas Diocesana ó clero	28
• Carta de agradecimiento de Cáritas Diocesana al clero (castellano)	30
• Festas do Santísimo Cristo da Victoria	32
• Basílica Menor Santa María de Vigo	34
La basílica, fuente de gracias del Cristo	34
A basílica, fonte de grazas do Cristo (galego)	36

Decreto de concesión	38
Pregón del anuncio de concesión de título de basílica	39
• Comunicado Santuario da Franqueira	41
PROVINCIA ECLESIAÍSTICA	43
• Nota pastoral de los Obispos sobre la participación en la Eucaristía Dominical	44

IGREXA

DIOCESANA



BISPO



Beati misericordes

Palabras do noso bispo

Chamados a vivir a caridade

Celebramos hoxe, festa de San Paio a Misa Crismal deste ano litúrxico que pola pandemia do Covid 19 pospuxemos por razóns sanitarias.

Nesta situación de nova normalidade, aínda baixo a ameaza dun rebrote do virus, lembramos na oración a todas as vítimas que morreron en condicións excepcionais de desamparo e soidade. Pedimos por todos os defuntos e familias da nosa Diocese que despedimos e acompañamos no medio da dor. Hoxe, facéndolles presentes a todos eles, queremos renovar a esperanza da que nos fixo testemuñas e dispensadores Xesucristo morto e resucitado.

Na Misa Crismal facemos memoria da Última Cea de Xesús cos seus discípulos no Cenáculo de Xerusalén. É o momento no que o Señor institue a Sacra Eucaristía, alimento dos cristiáns e peza de eterna salvación. Na actualización permanente deste Misterio na celebración da Eucaristía, os sacerdotes actuamos na persoa de Xesucristo. Deste xeito o único e insubstituíble sacrificio de Xesucristo, Redentor universal, faise presente en cada hora da historia pola mediación dos sacerdotes, pastores do pobo de Deus.

A misión do sacerdote como pastor, irmán e servidor é parte esencial da vida da Igrexa. No sacerdote, os cristiáns atopan a Xesucristo, Pastor e amigo, que dá a vida polas súas ovellas e vai na procura da perda para traela ao curro sobre os seus ombreiros.

Hoxe bendicimos os óleos e o Santo Crisma que reconfortan e dan vida aos cristiáns e renovamos as promesas sacerdotais que pronunciamos solemnemente o día da nosa ordenación. Ao renovalas somos conscientes da dificultade da nosa misión e sentimos o peso da responsabilidade da acción sacerdotal nas especiais circunstancias do momento histórico presente. Circunstancias que están marcadas pola gravidade da pandemia que vivimos e que segue ameazando ao mundo, pero tamén, e de modo moi especial, polo cambio cultural que pospón a fe no horizonte cotiá da vida. Sentimos a indiferenza de moitos ante o anuncio da fe e ante a proposta dunha vida comprometida cos valores que emanan da fe. Isto fainos dano e debilita moito a nosa ilusión. Aínda sen formulalo expresamente, o cansazo maniféstase en modo de pregunta, vale a pena seguir loitando contra todo isto? Que camiños quedan á fe?

A Palavra de Deus que proclamamos lémbra-nos as palabras de Isaías que leu Xesús na sinagoga de Nazaret:

“O Espírito do Señor está sobre min, porque me inxiu. Envioume para anunciar o Evanxeo aos pobres, para anunciar aos cativos a liberdade, e aos cegos a vista; para dar liberdade aos oprimidos, para anunciar o ano de graza do Señor.”

Estas palabras que o Señor fixo súas, están chamadas a iluminar a nosa misión. Tamén entre nós hai pobres, homes e mulleres privados da liberdade e moitos oprimidos polo peso dunha vida cargada de problemas.


Nestes días pasados a dura corentena puxo en serios apretos a moitas familias e a moitas persoas que quedaron atrapadas na soidade. Vós coñecedes ben as historias das vosas parroquias e os esforzos realizados para axudar a todos. Na cidade de Vigo quedou escrita unha fermosa historia de solidariedade que levaron a cabo un grupo de sacerdotes e de relixiosos e relixiosas. Eles foron capaces de superar os seus medos e atender os comedores sociais da cidade cunha xenerosidade que nos admira a todos.

A pesar das nosas tentacións de pesimismo todos sabemos que á fe quedan moitos camiños. Camiños que pasan pola proximidade ás persoas e polo servizo da caridade. O camiño da Igrexa, o camiño da nosa Diocese para anunciar a Xesucristo, percorre as mesmas senllas que os caminos de os nosos fieis na súa vida diaria. Temos que saír ao seu encontro e crear con eles comunidades solidarias, signos vivos do amor de Deus e da caridade cristiá.

A nosa Diocese ten que abrirse en plenitude ao exercicio vivo da caridade cristiá. Sabemos que estamos chamados non só a facer caridade senón a vivir a caridade como a alma da vida de fe.

O Papa Francisco dinos na Exhortación Apostólica “Evangelii gaudium”. “O amor á xente é unha forza espiritual que facilita o encontro pleno con Deus ata o punto de que quen non ama ao irmán camiña nas tebras” (1 Jn 2,11), “permanece na morte” (1 Jn 3, 14), e “non coñeceu a Deus” (1 Jn 4,8).” E engade: “Bieito XVI dixo que “pechar os ollos ante o próximo convértenos tamén en cegos ante Deus” (Deus caritas est, 16) e que “o amor é no fondo a única luz que ilumina constantemente a un mundo obscuro e dános a forza para vivir e actuar” (Deus caritas est, 39). (E. G.,272). Non buscamos a caridade como reclamo porque sería o máis contraposto á fe cristiá. Queremos vivir na caridade porque é o camiño de vida que Xesucristo nos ensinou.

Que a Virxe María bendígvos a todos e confórtevos na caridade. Amén.



+ Luis Quintero Fiuza

Llamados a vivir la caridad (castellano)

Celebramos hoy, fiesta de San Pelayo la Misa Crisma! de este año litúrgico que por la pandemia del Covid 19 hemos pospuesto por razones sanitarias.

En esta situación de nueva normalidad, todavía bajo la amenaza de un rebrote del virus, recordamos en la oración a todas las víctimas que han muerto en condiciones excepcionales de desamparo y soledad. Pedimos por todos los difuntos y familias de nuestra Diócesis que hemos despedido y acompañado en medio del dolor. Hoy, haciéndoles presentes a todos ellos, queremos renovar la esperanza de la que nos ha hecho testigos y dispensadores Jesucristo muerto y resucitado.

En la Misa Crismal hacemos memoria de la Última Cena de Jesús con sus discípulos en el Cenáculo de Jerusalén. Es el momento en el que el Señor instituye la Sagrada Eucaristía, alimento de los cristianos y prenda de eterna salvación. En la actualización permanente de este Misterio en la celebración de la Eucaristía, los sacerdotes actuamos en la persona de Jesucristo. De este modo el único e insustituible sacrificio de Jesucristo, Redentor universal, se hace presente en cada hora de la historia por la mediación de los sacerdotes, pastores del pueblo de Dios.

La misión del sacerdote como pastor, hermano y servidor es parte esencial de la vida de la Iglesia. En el sacerdote, los cristianos encuentran a Jesucristo, Pastor y amigo, que da la vida por sus ovejas y va en la búsqueda de la perdida para traerla al redil sobre sus hombros.

Hoy bendecimos los óleos y el Santo Crisma que reconfortan y dan vida a los cristianos y renovamos las promesas sacerdotales que pronunciamos solemnemente el día de nuestra ordenación. Al renovarlas somos conscientes de la dificultad de nuestra misión y sentimos el peso de la responsabilidad de la acción sacerdotal en las especiales circunstancias del momento histórico presente. Circunstancias que están marcadas por la gravedad de la pandemia que hemos vivido y que sigue amenazando al mundo, pero también, y de modo muy especial, por el cambio cultural que pospone la fe en el horizonte cotidiano de la vida. Sentimos la indiferencia de muchos ante el anuncio de la fe y ante la propuesta de una vida comprometida con los valores que emanan de la fe. Esto nos hace daño y debilita mucho nuestra ilusión. Aún sin formularlo expresamente, el cansancio se manifiesta en modo de pregunta ¿vale la pena seguir luchando contra todo esto? ¿Qué caminos le quedan a la fe?

La Palabra de Dios que hemos proclamado nos recuerda las palabras de Isaías que leyó Jesús en la sinagoga de Nazaret:

“El Espíritu del Señor está sobre mí, porque me ha ungido. Me ha enviado para anunciar el Evangelio a los pobres, para anunciar a los cautivos la libertad, y a los ciegos la vista; para dar libertad a los oprimidos, para anunciar el año de gracia del Señor.”

Estas palabras que el Señor hizo suyas, están llamadas a iluminar nuestra misión. También entre nosotros hay pobres, hombres y mujeres privados de la libertad y muchos oprimidos por el peso de una vida cargada de problemas.

En estos días pasados la dura cuarentena puso en serios aprietos a muchas familias y a muchas personas que quedaron atrapadas en la soledad. Vosotros conocéis bien las historias de vuestras parroquias y los esfuerzos realizados para ayudar a todos. En la ciudad de Vigo quedó escrita una hermosa historia de solidaridad que llevaron a cabo un grupo de sacerdotes y de religiosos y religiosas. Ellos fueron capaces de superar sus miedos y atender los comedores sociales de la ciudad con una generosidad que nos admira a todos.


A pesar de nuestras tentaciones de pesimismo todos sabemos que a la fe le quedan muchos caminos. Caminos que pasan por la cercanía a las personas y por el servicio de la caridad. El camino de la Iglesia, el camino de nuestra Diócesis para anunciar a Jesucristo, recorre las mismas sendas que los cami-

nos de nuestros fieles en su vida diaria. Tenemos que salir a su encuentro y crear con ellos comunidades solidarias, signos vivos del amor de Dios y de la caridad cristiana.

Nuestra Diócesis tiene que abrirse en plenitud al ejercicio vivo de la caridad cristiana. Sabemos que estamos llamados no solo a hacer caridad sino a vivir la caridad como el alma de la vida de fe.

El Papa Francisco nos dice en la Exhortación Apostólica “*Evangelii gaudium*”. “*El amor a la gente es una fuerza espiritual que facilita el encuentro pleno con Dios hasta el punto de que quien no ama al hermano camina en las tinieblas*” (1Jn 2,11), “*permanece en la muerte*” (1Jn 3, 14), y “*no ha conocido a Dios*” (1 Jn 4,8).” Y añade: “*Benedicto XVI ha dicho que “cerrar los ojos ante el prójimo nos convierte también en ciegos ante Dios” (Deus caritas est, 16) y que “el amor es en el fondo la única luz que ilumina constantemente a un mundo oscuro y nos da la fuerza para vivir y actuar” (Deus caritas est,39). (E.G.,272). No buscamos la caridad como reclamo porque sería lo más contrapuesto a la fe cristiana. Queremos vivir en la caridad porque es el camino de vida que Jesucristo nos enseñó.*

Que la Virgen María os bendiga a todos y os conforte en la caridad. Amén.



+ Luis Quintero Fiuza

Axenda Episcopal

Día

xullo

- 1 - Funeral por Mons. D. Antonio Hernández Matías na S.I.C. de Tui ás 11:00 horas.
- 2 - Funeral por Dna. Cristina de Castro, delegada do Apostolado do Mar, na Concatedral de Santa María de Vigo ás 19:00 horas.
- 3 - Reunión constitutiva do XIII Consello de Presbiterio no Seminario Maior de Vigo ás 10:30.
- 4 - Institución de ministerios de Acolitado e Lectorado na Concatedral de Santa María de Vigo ás 12:00 horas.
- 9 - Reunión no bispado ás 10:00 horas.
- 10 - Consello Episcopal no bispado ás 10:30 horas.
- Confirmacións na parroquia de Sanguñeda ás 19:00 horas.
- 11 - Ofrenda do Mar na parroquia de San Xoán Bautista de Panxón ás 20:00 horas.
- 13 - Funeral por el Rvdo. D. Manuel Carballo Hermelo na igrexa de San Cibrán de Aldán ás 12:00 horas.
- 14 - Audiencias no bispado ás 11:00 horas.
15. - Funeral do bispo emérito de Astorga Mons. Camilo Lorenzo Iglesias na S.I.C. de Astorga ás 12:00.
- 16 - Eucaristía na festa de Nosa Señora do Carme, na parroquia do Carme de Vigo ás 20:00 horas.
- 18 - Toma de Posesión de Mons. Jesús Fernández como bispo de Astorga na S.I.C. de Astorga ás 11:00.
- 19 - Festa do Santo Cristo de Bouzas na parroquia de San Miguel de Bouzas ás 12:00.
- 21 - Audiencias no bispado ás 17:00 horas.

Día

- 22 - Acto de promoción do Xacobeo 2021 co Club Ciclista Rias Baixas no Circulo de Empresarios de Vigo ás 11:00 horas.
- 23 - Audiencias no bispado ás 11:00 horas.
 - Audiencias no bispado ás 17:00 horas.
 - Celebración do día de Galicia no Pazo-Museo “Quiñones de León” ás 20:00 horas.
- 25 - Eucaristía e ofrenda no día do Apóstolo na S.I.C. de Santiago de Compostela ás 11:00 horas.
- 28 - Consello Episcopal no bispado ás 10:30 horas.
- 29 - Eucaristía e novena ó Santísimo Cristo da victoria na parroquia Concatedral de Santa María de Vigo ás 12:00 horas.
- 30 - Eucaristía e novena ó Santísimo Cristo da victoria na parroquia Concatedral de Santa María de Vigo ás 12:00 horas.
 - Visita á exposición don Diego de Giráldez na Escola de Artes e Oficios de Vigo ás 11:00 horas.
- 31 - Reunión de traballo no bispado ás 11:00 horas.
 - Eucaristía e novena ó Santísimo Cristo da Victoria na parroquia Concatedral de Santa María de Vigo ás 20:00 horas.

Axenda Episcopal

Día

agosto

- 1 - Pregón do Santísimo Cristo da Victoria no Pazo-Museo “Quiñones de León” ás 13:00 horas.
- 2 - Eucaristía Solemne no día do Cristo da Victoria na Parroquia Concatedral Santa María de Vigo ás 11:00 horas.
- 4 - Audiencias no bispado ás 11:00 horas.
- 5 - Visita ao novo comisario de policía de Vigo-Redondela
- 6 - Eucaristía solemne no día da festa do Divino Salvador na Parroquia de Coruxo ás 12 horas.
- 7 - Audiencias no bispado ás 11:00 horas.
- 13 - Audiencias no bispado ás 11:00 horas.
- 14 - Consello Episcopal no bispado ás 10:30 horas.
- 15 - Eucaristía no día da Asunción de María e declaración como Basílica Menor do templo da parroquia Concatedral de Santa María de Vigo ás 12:00 horas.
- 16 - Eucaristía Solemne do día de San Roque no Torreiro de San Roque ás 12:00 horas.

CANCILLERÍA

SECRETARÍA

Nomeamentos

O Señor bispo asinou os seguintes nomeamentos:

8 xullo

D. Ángel Fernández Prado, SBD, párroco de San Pedro de Angoares por 6 anos.

11 xullo

D. Ángel Manuel Bastos Vázquez, **D. José Diéguez Dieppa** y **D. Santiago Pérez Bouzada** párrocos consultores por 6 anos.

29 xullo

D. Antonio Mendiña Santomé, rector do Seminario Menor de Tui.

Defuncións

Rvdo. D. Manuel Carballo Hermelo.
(1951-2020)

O día 12 de xullo de 2020 finou na cidade de Pontevedra o Rvdo. D. Manuel Carballo Hermelo, despois de sufrir unha penosa e rápida enfermidade.

Manuel Carballo Hermelo naceu o 16 de xuño do ano de 1951 na parroquia de S. Cipriano de Aldán, arquidiocese de Santiago de Compostela e era fillo de Manuel e de María Josefa.

Despois da súa estancia no Seminario, comeza a súa laboura pastoral, como diácono, adscrito á parroquia de Santa Teresa de Xesús en Cabral (Vigo) e logo como Coadxutor da mesma nos anos 1976-77. No ano 1979 é destinado á zona de Pontearreas, sendo ecónomo de Fontenla e coadxutor de Pontearreas.

Do ano 1980 ó ano 1987 vai como misioneiro a Abancai (Perú), realizando unha laboura moi frutífera no seminario e na promoción das persoas, chegando incluso a estar ameazado polo grupo terrorista Sendero Luminoso.

Cando volta a diocese no ano 1987 é nomeado formador do Seminario Menor San Paio de Tui ata o ano 1991 que volta á zona de Pontearreas sendo párroco de Fozara, Paredes e Pías. No ano 2000 é nomeado párroco de Santa María de Areas, Cumiar e Arnoso. É arcipreste do arciprestazgo de Tea (hoxe dentro do arciprestazgo do Tea-Condado). Como últimos destinos tivo o de párroco de Xinzo no 2004 e de San Pedro de Angoares no 2006.

A isto hai que engadir a súa labor sendo profesor de relixión en diversos institutos.

Desde o ano 2019 e tras declarárselle a enfermidade, pasa a vivir en Pontevedra coa familia ata que fina, sendo soterrado no Cemiterio de Aldán o día 13 de xullo deste ano.

“IN PACE”

Rvdo. D. Camilo Antonio Esteban Paz Valverde
(1932-2020)

O día 16 de xullo de 2020, madrugada da festividade de Nosa Señora do Carme, no hospital Álvaro Cunqueiro, desta cidade de Vigo, entregou a súa alma ao Señor D. Camilo Antonio Esteban Paz Valverde, sacerdote de esta diocese.

Camilo naceu na vila de O Porriño un 24 de xaneiro do ano 1932 e era fillo de Camilo e de Josefa. Ordenouse en Tui o día 26 de xuño do ano 1955.

Á súa ampla e abnegada dedicación pastoral compaxinou, por un lado coa laboura nas parroquias : ecónomo de entenza en 1955, coadxutor de Baiona e encargado de Baredo o mesmo ano, coadxutor e organista na parroquia de Santiago de Vigo en 1957 e coadxutor do Sagrado Corazón en 1959, ecónomo de San Xuan de Ávila en 1970 e xa saíndo de Vigo foi ecónomo de Entenza en 1976, de Guillarei en 1979 e de Petelos en 1985, Sanguñeda y Mos en 1988. Nestas últimas parroquias é onde máis tempo estivo dedicado á cura pastoral; e por outro lado compaxina sendo capelán das Fillas de Xesús en 1960, do Asilo Neno Xesús de Praga en 1964, das Escravas da virxe Dolorosa en 1985 e das Clarisas de Tui en 2004.

Así mesmo, D. Camilo sempre tivo un dote extraordinario para a música e foi canónigo beneficiado organista en 1962. Coa música Camilo elevaba a súa oración uníndose aos coros dos anxos cunha vida en harmonía.

Os derradeiros anos do seu ministerio estivo axudando como adscrito en Porriño no ano 2005, en Tui no 2006 e en Guillarei a partires do 2011.

“PAI, OS QUE ME DECHE, QUERO QUE ONDE EU ESTÉ
ESTÉN ELES CONMIGO”

Rvdo. D. Jesús María Fernández Rodríguez
(1936-2020)

O día 30 de agosto do ano 2020, domingo XXII do Tempo Ordinario, no hospital Vithas Fátima desta cidade de Vigo, entregou a súa alma ao Señor o Rvdo. D. Jesús María Fernández Rodríguez, sacerdote que foi desta diocese de Tui-Vigo.

Jesús María naceu en Porriño o 23 de maio do ano 1936 e era fillo de Manuel e de Carme. Ordenouse despois de realizar estudos en Salamanca no ano 1960.

Comeza o seu ministerio en Taborda en 1960 e sendo coadxutor de Tomiño no mesmo ano. No ano 1966 pasa pola parroquia de Torneiros e a de Areas en 1970. No ano 1973 é ecónomo de Santa Clara de Vigo e Capelán do Cemiterio de Lavadores.

No ano 1974 é nomeado Consiliario Diocesano de Cursiños de Cristiandade e comeza unha longa laboura como profesor dende ese mesmo ano ata o ano 1985 no Instituto de Tui.

Ese mesmo ano de 1985, é nomeado administrador parroquial e logo parroco de Ribadelouro en 1988 e de Chenlo en 1990. É arcipreste de a Louriña en 1992.

A última estadía da súa vida pasouna moi limitado de saúde e mobilidade xa que tivo un accidente coa súa outra paixón que foi sempre a bicicleta. Esta foi a súa cruz que levou alegremente coa axuda do Señor.

Residiu na Residencia Paz e Ben de Tui dende o ano 2018 ata os últimos días da súa vida.

“IN PACE”

VIGAIRIA DE

PASTORAL

Nota do 20 de xullo de 2020

Orientacións Sobre Algúns Aspectos Pastorais

- **Misa dominical**

Pasado xa o tempo de maior incidencia do virus anímase a todos os fieis a participar, de maneira presencial, na Eucaristía dominical. Esa participación, que é testemuña de pertenza e de fidelidade a Cristo e á súa Igrexa (Cf. CCE 2182), debe estar guiada polas medidas de prevención necesarias para evitar contaxios.

O párroco, que coñece e guía á súa comunidade, pode dispensar de esta participación en casos particulares (Cf. CIC 1725 e CCE 2181).

- **Aforo**

A asistencia a lugares de culto non poderá superar o setenta e cinco por cento da súa capacidade. O número máximo de persoas que poden participar deberá publicarse nun lugar visible da igrexa. (Cf. DOGA 13-06-2020)

- **Uso da máscara facial**

Para as persoas de seis ou máis anos será obrigatorio o uso da máscara en todo momento, tanto cando se estea na vía pública e en espazos ao aire libre como cando se estea en espazos pechados de uso público ou que se encontren abertos ao público, aínda que se poida garantir a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros (Cf. DOGA 18-07-2020).

Segundo o DOGA: “as persoas oradoras, relatoras e similares poderán quitar a máscara no momento da súa intervención sempre que manteñan a distancia de seguridade interpersoal.” (Cf. DOGA 18-07-2020). Polo tanto o sacerdote que preside non precisa levar máscara en todo momento; si debe usala para distribuír a comunión e tamén é recomendable que a poña mentres non está no uso da palabra.

- **Xel hidroalcohólicos e limpeza de mans**

Poranse á disposición do público dispensadores de xeles hidroalcohólicos ou desinfectantes con actividade viricida, debidamente autorizados, en lugares accesibles e visibles, e, en todo caso, na entrada do lugar de culto, que deberán estar sempre en condicións de uso. (Cf. DOGA 13-06-2020)

Os fieis desinfectarán as mans ao entrar e saír do templo.

O sacerdote, e demais ministros do altar, desinfectarán as mans antes e despois de distribuír a comunión. (Cf. Nota da CEE 29-04-2020)

- **Desinfección do templo**

Diariamente deberanse realizar tarefas de desinfección dos espazos utilizados ou que se vaian utilizar e de xeito regular reiterarase a desinfección dos obxectos que se tocan con maior frecuencia. (Cf. DOGA 13-06-2020).

- **Copón**

O copón coas obleas que se van consagrar na Misa estará tapado ata o momento de distribuílo entre os fieis. (Cf. Nota da CEE 29-04-2020).

- **Xesto da paz**

O saúdo de paz pódese suprimir; en caso de non facelo buscarase un xesto que evite o contacto físico directo.(Cf. Nota da CEE 29-04-2020)

- **Díálogo antes da comunión**

O diálogo individual da comunión (“O Corpo de Cristo”. “Amén”), pronunciarase de forma colectiva despois da resposta “Señor non son digno...”.(Cf. Nota da CEE 29-04-2020)

- **Comunión na man**

Recoméndase encarecidamente a comunión na man.

O sacerdote, e demais ministros do altar, desinfectarán as mans antes e despois de distribuír a comunión. (Cf. Nota da CEE 29-04-2020)

- **Colectas**

Dado que o contacto cos cartos pode ser un foco de contaxio, parece preferible facer a colecta ao rematar a celebración, situando nas portas do templo algunhas persoas voluntarias que fagan o servizo de recoller as esmolas dos fieis; ou ben deixar os cestiños nas portas para que os fieis, ao saír, deixen alí as súas ofrendas.

No caso de facer a colecta dentro da Misa, o peto pasarase despois da comunión.

- **Auga bendita**

O DOGA afirma: “Non se permitirá o uso de auga bendicida”(DOGA 13-06-2020).

Entendemos que esta norma refírese a auga das pías situadas nas entradas

das igrexas e a aspersión sobre os fieis; podendo asperxer obxectos e cousas: cadaleitos, sepulturas, coches, casas...

Con todo parece prudente bendicir a auga para a ocasión e logo desbotala.

- **Bautismo**

Deberán evitarse os bautismos comunitarios. Na administración da auga bautismal, fágase desde un recipiente ao que non retorne a auga utilizada.

- **Confirmacións**

Xa se pode solicitar na Vigairía Xeral data para a celebración

- **Reconciliación**

Aconséllase celebrar a penitencia nun espazo onde se poida manter a distancia de seguridade e gardar a reserva propia do sacramento, por exemplo na sancristía.

No caso de usar o confesionario, este debe contar con medidas de seguridade, como unha pantalla de metacrilato no lugar das reixas; e debe ser desinfectado despois de cada uso.

Tanto o fiel como o confesor deberán levar máscara.

- **Vodas**

No caso que estas cerimoniais ou celebracións se leven a cabo en lugares de culto, deberán aplicarse as regras de capacidade e as medidas de hixiene e prevención na celebración de actos de culto relixioso. (Cf. DOGA 13-06-2020)

- **Exequias e enterros**

Os funerais de exequias seguirán os mesmos criterios de aforo que calquera outra Misa. Aínda que sexa difícil neses momentos de dor, insistir en manter distancia de seguridade e evitar xestos que impliquen contacto persoal.

A participación na comitiva para o enterramento ou despedida para cremación da persoa falecida restrínxese a un máximo de setenta e cinco persoas, entre familiares e achegados, ademais, de ser o caso, do ministro de culto ou persoa asimilada da confesión respectiva para a práctica dos ritos funerarios de despedida do defunto. (Cf. DOGA 13-06-2020).

- **Organización das celebracións de maior afluencia**

Os párrocos buscarán persoas que colaboren a organizar as entradas e saídas das celebracións con maior afluencia de fieis (festas e romarías),

para evitar aglomeracións de persoas nos accesos e inmediacións dos lugares de culto.

Se fose necesario tamén se distribuirá aos fieis sinalando os asentos ou zonas útiles. (Cf. DOGA 13-06-2020).

- **Coros**

Nas actuacións que impliquen a participación de coros e agrupacións vocais de canto deberá asegurarse que se respecte en todo momento a distancia de seguridade interpersonal [1,5 m.] entre os integrantes do coro ou da agrupación e, polo menos, de 3 metros entre estes e o público.

Será obrigatorio, en calquera caso, o uso de máscara durante toda a actuación.

Durante a actuación e os ensaios de orquestras, bandas e outras agrupacións musicais, as persoas integrantes deberán manter a distancia de seguridade e, se iso non é posible, reducirase o número de compoñentes de xeito que se cumpra coa dita distancia. (Cf. DOGA 27-06-2020)

As persoas que forman parte do coro computan para o aforo.

- **Xestos de relixiosidade popular**

Quedan prohibidos os actos de relixiosidade popular que impliquen tocar ou bicar imaxes ou obxectos de devoción. (Cf. DOGA 13-06-2020).

- **Actos de culto no exterior**

A utilización do exterior dos edificios ou da vía pública para a celebración de actos de culto (Misas ou procesións) deberá desenvolverse nas condicións que determine a autoridade municipal correspondente, á cal lle corresponde a súa autorización. Débese solicitar permiso por escrito aínda que os actos se celebren nunha propiedade da Igrexa, por exemplo no adro.

Con carácter previo á celebración, delimitarase o espazo ou o itinerario e a asistencia de público estará limitada a un máximo de 1.000 persoas. Procurarase manter a distancia de seguridade interpersonal entre os participantes entre si e co público asistente, e o uso de máscara será obrigatorio para os participantes e para o público asistente”. (Cf. DOGA 27-06-2020)

Convén recordar que nestes casos a entidade organizadora é a encargada de que se cumpra coas normas esixidas pola lei; o permiso municipal non exime dese cumprimento. (Cf Nota da Vigairía de pastoral do 17-06-2020).

VIDA

DIOCESANA

Constitución do XIII Consello de Presbiterio da Diocese de Tui-Vigo

Ás dez e media da mañá do día 3 de xullo comezou a reunión constitutiva do XIII Consello de Presbiterio presididos polo noso bispo D. Luis Quintero Fiuza.

Despois dunhas breves pero intensas verbas do noso Bispo invitándonos a reforzar a nosa Igrexa superando o individualismo e apostando, nestes momentos de pandemia, por unha igrexa diocesana en clave da Caridade como así nos invitan os últimos documentos dos papas.

Logo dunha reflexión teolóxico-canonica por parte de D. Juan Luis Martinez Lorenzo, Vigairo Xeral, comezaron as votacións para a elección do secretario do consello, da comisión permanente formada por catro membros, e dos párrocos consultores, que neste caso foron tamén catro.

As eleccións quedaron da seguinte forma.

- Secretario do consello: D. Manuel Lage Lorenzo.
- Comisión permanente:
 - * D. Antonio Menduiña Santomé.
 - * D. José Vidal Novoa.
 - * D. Ángel Carnicero Carrera.
 - * D. Xosé Manuel Pereira Vidal.
- Párrocos consultores
 - * D. Ángel Manuel Bastos Vázquez.
 - * D. José Diéguez Dieppa.
 - * D. Julio Ramos Rodríguez.
 - * D. Santiago Pérez Bouzada

Despois duns avisos referentes ó plan de pastoral e de rogos e preguntas, rematou a reunión de constitución do XIII Consello de Presbiterio.

Carta de agradecemento de Cáritas diocesana ó clero con motivo dun donativo feito na Misa Crismal



Vigo, 3 de xullo de 2020

A actividade ministerial debe ser unha manifestación da caridade de Cristo, da que o presbítero saberá expresar actitudes e condutas ata a doazón total de si mesmo ao rabaño que lle foi confiado. Estará especialmente preto dos que sofren, os pequenos, os nenos, as persoas que pasan dificultades, os marxinados e os pobres, a todos levará o amor e a misericordia do Bo Pastor.

Congregación para o clero.
Directorio para o ministerio e a vida dos presbíteros

Estimado sacerdote no Señor:

O primeiro, e antes de nada, o noso saúdo afectuoso e cos mellores desexos para ti. Un saúdo de agradecemento polo xesto de comunión e colaboración con Cáritas Diocesana a través do donativo que fixeches.

Esta crise na que estamos inmersos iniciouse de forma brusca e levouse por diante expectativas e ilusións de moitas familias. Mostrou a evidencia que tantas veces esquece o home, da súa propia debilidade e finitude.

Ensinounos o rostro da morte na súa crudeza co silencio e a soidade dos que morreron sós. Pero tamén sacou o mellor dunha sociedade aberta ao encontro cos que sofren. Obrigounos a desenvolver novas formas de comunicación. Aprendemos a acompañar e auxiliar desde a distancia. Valoramos cada xesto de proximidade. A palabra soubo a amizade.

Pero aínda nos queda moito por facer, un longo camiño que realizar e moito do que aprender. Este exilio nos nosos fogares non encirrou a capacidade de reflexión e de oración, de revitalización da fe e de encontro na comunión.

O pobo hebreo ao chegar á terra prometida recibiu a mensaxe do Señor de que o camiño do deserto puxo a proba o corazón. Porque por puro amor Deus elixe a este pobo. Pero ao asentarse na terra non se pode esquecer de que é o Señor quen dá a liberdade e regala o sustento. Como é cada día xeneroso connosco a través da entrega desinteresada de socios, doantes, colaboradores que fan posible que a obra de caridade que realizamos chegue a bo fin.

O total da colecta realizada polos sacerdotes da Diocese a favor de Cáritas foi de 17.093,70 €. Grazas pola túa xenerosidade e a túa proximidade.

Estamos á túa disposición para o que necesites de nós. A caridade nunca pecha, reinvéntase e non cesa no seu traballo.

E. Gonzalo Davila

Director de Cáritas Diocesana

Xabier Alonso

Delegado E. de acción caritativa social

Carta de agradecimiento de Cáritas diocesana al clero con motivo de un donativo hecho en la Misa Crismal



Vigo, 3 de julio de 2020

La actividad ministerial debe ser una manifestación de la caridad de Cristo, de la que el presbítero sabrá expresar actitudes y conductas hasta la donación total de sí mismo al rebaño que le ha sido confiado. Estará especialmente cerca de los que sufren, los pequeños, los niños, las personas que pasan dificultades, los marginados y los pobres, a todos llevará el amor y la misericordia del Buen Pastor.

Congregación para el clero.

